



BASES DO SERVIZO DE CONCILIATARDES-TARDES COA INFANCIA

CURSO 2017 – 2018

Artigo 1. O servizo de **CONCILIATARDES- TARDES COA INFANCIA** é un programa socioeducativo e de lecer de apoio á infancia, co obxectivo de conciliar as responsabilidades familiares, persoais e profesionais ao mesmo tempo que garante a igualdade de oportunidades.

Artigo 2. Obxectivos.

Os obxectivos do servizo son:

- Reforzar a igualdade de oportunidades.
- Promover a integración social dos/as menores en situacións de risco.
- Incrementar os niveis de cobertura das necesidades dos/as menores.
- Desenvolver actividades socioeducativas e de lecer de apoio á infancia.
- Previr situacións de vulnerabilidade e exclusión social nos/as menores.
- Contribuir á mellora das condicións de vida e sociais dos/as menores do noso contorno.
- Favorecer a conciliación da vida familiar e laboral das familias.
- Facilitar o disfrute e a calidade do tempo de lecer dos/as menores

Artigo 3. Destinatarios/as.

1. O Servizo está dirixido aos nenos e nenas nados entre o 1 de xaneiro de 2009 e o 31 de decembro de 2014 empadroados no Concello de Vilagarcía de Arousa, que formen parte dunha unidade familiar na que ambos proxenitores ou titores teñan unha actividade laboral ou participen nun proceso de formación regrado ou oficial, no horario de desenvolvemento do servizo.
2. Poderán acceder ao servizo nenos e nenas que forman parte de unidades familiares que, non cumprindo o requisito de actividade laboral, formen parte do Programa de Educación e Apoio Familiar ou de Proxectos de Inclusión no ámbito dos Servizos Sociais Comunitarios.



3. Enténdese por unidade familiar para os efectos deste servizo :

- A) A formada polos cónxuxes, ou relación análoga, e seus descendentes menores de 18 anos ou maiores de 18 anos cunha discapacidade igual ou superior ao 33%, que convivan habitualmente.
- B) Nos casos de separación legal, viuvez, familia monoparental ou unión de feito sen vínculo matrimonial, a formada polos respectivos titulares cos seus descendentes menores de 18 anos ou maiores de 18 anos cunha minusvalidez igual ou superior ao 33%, que convivan habitualmente.
- C) A formada polo/a posible beneficiario/a e seus acolletores de feito ou de dereito, que convivan habitualmente.
- D) A separación transitoria motivada por razóns de estudo, traballo, tratamento médico ou outras causas similares, non rompen a convivencia para estes efectos.

4. Enténdese por familia monoparental , a unidade familiar a que se refire o apartado 3. , cando formase parte dela unha única persoa proxenitora que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal e sempre que a outra proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento.

Artigo 4. Lugar e Data.

Desenvolverase durante os meses de outubro de 2017 a xuño de 2018 no Centro de Formación Matosinhos.

Artigo 5. Horario.

- 1. O horario establecido será de 15:30 a 21:00 horas, establecendo un tempo de lecer e de merenda, podendo solicitar xornada parcial ou completa nas situacións nas que queden debidamente xustificadas por ocupación laboral ou formativa nese mesmo horario.
- 2. A entrada no servizo poderá ser nos seguintes tramos horarios: entre as 15:30-16:00h ou ás 18:00 en función do solicitado.
- 3. O horario de saída do servizo establécese en función da xornada solicitada nos seguintes tramos horarios: ás 18:00h ou ás 19:30h en adiante ata ás 21:00h.



Artigo 6. Prazas.

O número de prazas coas que conta o Servizo de Conciliatardes- Tardes coa Infancia é de 30 prazas. No caso de haber máis solicitudes que prazas, se accederá ao servizo tendo en conta a orde de puntuación acadada na baremación.

Resérvanse dez prazas para aquelas unidades familiares que tras a valoración dos técnicos dos Servizos Sociais sexa aconsellable a súa asistencia ao Programa.

Terán acceso directo ao servizo, as unidades familiares, nas que a nai se atope en situación de violencia de xenero

Artigo 7. Solicitudes

1. O prazo de presentación das solicitudes ábrese dende o día 7 ata o 25 de xuño de 2016.

2. As familias deberán presentar a Ficha de inscrición, Ficha de Matrícula e Autorizacións que se facilitarán no Departamento de Servizos Sociais e na páxina web do Concello, no Rexistro Xeral do Concello de Vilagarcía de Arousa, acompañada da seguinte documentación cotexada:

- Fotocopia do DNI
- Fotocopia do Libro de Familia completa
- Fotocopia do Título de Familia numerosa, no seu caso.
- Documento xustificativo da situación laboral:
 - 1- persoas traballadoras por conta allea: certificado de empresa no que conste o horario de traballo e descanso semanal (día concreto)
 - 2- persoas traballadoras por conta propia ou autónomas: copia do último recibo de pagamento da cota á Seguridade Social ou da correspondente mutualidade e declaración xurada co horario de traballo e descansos semanais concretos.
- Documento xustificativo da participación dos pais/nais/representantes legais en procesos formativos para a integración laboral, no seu caso, indicando período de duración e horario.
- Documento acreditativo da situación de familia monoparental: fotocopia cotexada do libro de familia, do certificado de defunción, da demanda ou sentenza de separación ou divorcio, xunto co acordo regulador ou resolución judicial sobre as medidas paterno filiais.
- Certificado de discapacidade ou do grao de dependencia de calquera dos membros que formen parte da unidade familiar.



- Xustificante de ter familiares dependentes, con enfermidade ou discapacidade ao seu coidado, con data anterior á apertura do prazo de solicitudes
- Documento acreditativo de situación de violencia de xénero emitido polo C.I.M. municipal.

Non será necesaria a presentación dos tres primeiros documentos, polos nen@s que xa estiveran matriculados no curso 2016-2017, agas nos que se modificase a situación da unidade familiar.

Artigo 8. Proceso de Selección:

O proceso de selección será o seguinte:

- A Comisión de Baremación será o órgano encargado de realizar a lista de admitidos e a de espera, unha vez baremadas as solicitudes polos/as Traballadores/as Sociais do Concello, conforme ao baremo establecido nestas Bases.
Con independencia do baremo a aplicar no caso da unidade familiar que en convocatoria anterior non cumprisen coas normas establecidas nas bases e, en concreto, en relación á asistencia ao servizo de acordo coas xornadas solicitadas, a Comisión de Baremación estudiará se dito incumplimento sería motivo de baixa e, polo tanto, a súa exclusión da listaxe de persoas admitidos.
- Publicación dunha lista provisional de admitidos/as coas puntuacións acadadas o 26 de xullo, no taboleiro de anuncios do Concello, do departamento de Servizos Sociais e na páxina web do Concello.
- Prazo de presentación de subsanación de documentación e reclamacións no Rexistro Xeral do Concello ata 10 días hábiles contados a partir da publicación da lista provisional.
- Publicación de lista definitiva de admitidos/as o día 22 de agosto no taboleiro de anuncios do Concello, da área de Servizos Sociais e na páxina web do Concello.

Artigo 9. Lista de agarda.

Publicada a lista definitiva dos/das admitidos/as confeccionarase unha lista de agarda cos/as solicitantes excluídos, que seguirá a orde que resulte da baremación.

En función das baixas que se produzan na actividade os nenos/as entrarán no servizo seguindo a orde na que figuren na lista.



Artigo 10. Comisión de Baremación.

A Comisión de Baremación estará composta por:

- A Concelleira delegada de Benestar Social e Igualdade
- Dous/dúas Técnicos/as do departamento de Servizos Sociais

Artigo 11. Faltas de asistencia ao servizo

1. Será considerada falta ao servizo a non asistencia ao mesmo ou non cumprir coa xornada establecida na solicitude.
2. Xustificación de faltas:
 - a) Considerarase causa xustificada aquelas faltas ao servizo que, aportando a documentación correspondente, fosen motivadas:
 - o Saúde: enfermidade ou asistencia a consultas ou tratamentos médicos/especialistas.
 - o Laborais: modificación de turnos de traballo/ formación dos pais, nais, titores ou representantes legais. No caso de xustificación por día libre semanal, só tería validez se establece un día concreto da semana entregado con anterioridade.
 - o Períodos vacacionais dos pais, nais, titores ou representantes legais.
 - o Cumprimento de medidas paterno filiais segundo acordo regulador ou resolución xudicial.
 - b) para a xustificación das faltas vinculadas con motivos laborais e períodos vacacionais deberán ser entregadas ao persoal do propio servizo con anterioridade á falta para ser valorada como xustificada. En caso de ser entregada con posterioridade será considerada falta sen xustificar.
 - c) No caso de medidas paterno filiais segundo acordo regulador ou resolución xudicial, éste deberá ser entregado con anterioridade por rexistro de entrada no Concello e dirixido á área de Servizos Sociais.
3. En todo caso, a porcentaxe de asistencia ao servizo non pode ser inferior ao 60% do horario demandado na presentación de solicitudes.

Artigo 12. Causas de baixa.

A baixa no servizo de Conciliatardes producirase por algunha destas causas:

- a solicitude dos pais, nais, titores ou representantes legais de ser baixa no servizo



- incumprimento reiterado do establecido nas bases do servizo e das normas de funcionamento.
- non aboar a tarifa aplicable pola prestación do servizo por período de dous meses continuados.
- faltar ao servizo sen causa xustificada durante un día á semán ou 5 días ao mes e/ou o non cumprimento da xornada e horario establecido durante dous días nunha semana, coa excepción do sinalado no artigo 5 punto 3 en relación ao horario de saída a partir das 19:30 horas.
- En todo caso, poderá ser causa de baixa, tras a valoración da Comisión de Baremación, se o total de asistencia ao servizo, xustificada ou non, en relación á necesidade de conciliación solicitada, é inferior ao 60% en dous meses.

Artigo 13 Dereitos e Obrigas dos usuarios.

a). Dereitos dos usuarios:

- 1- Bo trato, por parte do persoal do servizo e dos demais usuarios.
- 2- A confidencialidade sobre os seus datos sanitarios, económicos e sociofamiliares.
- 3- Proporcionarlle a atención socioeducativa precisa para o seu desenvolvemento integral.
- 4- Favorecer a súa participación nas actividades do servizo.

b) Obrigas dos usuarios:

- 1- Cumprir coas bases e normas establecidas para o bo funcionamento do servizo, indicadas no Anexo III destas bases.
- 2- Manter unha actitude de respecto e consideración co persoal e cos demais usuarios.

Artigo 14. Cota.

No referente a cota a aboar polos/as usuarios/as:

1. O custo mensual máximo por usuari@ será de 80 € pola xornada completa e 40 € no caso da media xornada.
2. O prazo para efectuar o pago da cota realizarase nos 5 primeiros días do mes na conta bancaria que a tal efecto fixe o Concello de Vilagarcía de Arousa.
3. Para a determinación do importe mensual do prezo, tomarase da Declaración do I.R.P.F. correspondente ao ano 2016 o importe dos ingresos totais de cada un dos membros da unidade familiar , que será calculado por agregación da base



impoñible xeral coa base imponible de aforro e segundo os criterios establecidos na normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas

4. Calcularase a renda per cápita familiar mensual referida ao IPREM do ano 2015 e se aplicará o prezo, tal e como se indica:

R.P.C familiar, en base ao IPREM	Aportación Usuario	Aportación Concello
Inferior ao 80%	0	100%
Entre o 80 e o 100%	25%	75%
Superior ao 100% e inferior ao 150%	50%	50%
Entre o 150% e o 200%	75%	25%
Superior ao 200%	100%	0

Descontos :

Segundo as circunstancias da unidade familiar, sobre o prezo que resulte de aplicar o disposto no punto anterior, aplicaranse os seguintes descontos que non son acumulables entre si:

- Nen@s pertencentes a familias numerosas, desconto dun 20 %
- Nen@s pertencentes a familias monoparentais, desconto dun 20 %
- Cando participen no programa varios irmáns, o segundo e sucesivos terán un desconto dun 20 %.

Revisión do prezo:

Ao longo do curso poderase revisar o prezo fixado inicialmente, nos seguintes casos:

- Modificación das circunstancias sociofamiliares, que determinan os descontos.
- Disminución dos ingresos en mais do 20% en cómputo anual respecto aos aplicados para o cálculo da cota. Esta variación deberá ter unha duración dun mínimo de tres meses para ser tomadas en consideración e xustificaranse coa presentación de nóminas, certificados do INEM ou outros documentos que constitúan medios de proba da nova situación económica e que permitan un novo cálculo da renda per capita da unidade familiar.

Nese sentido, a persoa usuaria do Programa Conciliatardes, queda obrigada a comunicar calquera variación que se produza ao respecto.

Artigo 15. Seguemento e Avaliación.

O seguemento do servizo realizarase mediante informes mensuais e a comunicación e coordinación co persoal e cos/as usuarios/as do servizo, establecéndose unha avaliación continua do mesmo que deberá reflexarse nunha memoria final.



ANEXO II

BAREMO

Situación sociofamiliar e ocupacional:

- 1- Por cada membro da unidade familiar: 1 punto.
- 2- Pola existencia de dous ou máis irmáns que necesiten o servizo: 1 punto.
- 3- Pola condición de familia numerosa: 2 puntos.
- 4- Pola condición de familia monoparental: 5 puntos.
- 5- Unidades familiares nas que figuren persoas dependentes, enfermas ou con discapacidade: 2 puntos.

Situación económica:

- 1- En base á Renta per Cápita (RPC) mensual da unidade familiar referida ao indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) vixente:
 - a. Inferior ao 25% do IPREM: 4 puntos.
 - b. Entre o 25% e o 50% do IPREM: 3 puntos.
 - c. Superior ao 50% e inferior ao 75% do IPREM: 2 puntos.
 - d. Entre o 75% e o 100% do IPREM: 1 punto.
 - e. Superior ao 100% e inferior ao 125% do IPREM: -1 punto.
 - f. Entre o 125% e o 150% do IPREM: -2 puntos.
 - g. Superior ao 150% e inferior ao 200% do IPREM: -3 puntos.
 - h. Igual ou superior ao 200% do IPREM: -4 puntos.

2- Os ingresos da Unidade Familiar a ter en conta para o cálculo da RPC os constituirá a suma da base imponible xeral e a base imponible de aforro do Imposto sobre a Renda de Persoas Físicas do ano 2014. No caso de persoas non obrigadas a declarar, as bases imponibles obteranse dos datos que aporten os certificados da A.E.A.T.

ANEXO III

Normas para o bo funcionamento do servizo de CONCILIATARDES-Tardes coa Infancia.

- 1- Ao inicio do servizo os pais/nais titores ou responsables legais deberán cubrir unha ficha de matricula facilitando dous teléfonos de contacto para o persoal do centro durante a prestación do servizo. Así mesmo, deberán asinar as autorizacións para:



asistencia ás actividades do servizo, administración de medicamentos (se fose necesario e indicando horas, dose e receta médica), trasladar ao neno/a en caso de emerxencia, recollida doutra persoa do/a neno/a.

- 2- Os/as nenos /as deberán asistir ao servizo en condicións de hixiene axeitadas.
- 3- No caso de o/a neno/a estea enfermo/a, teña febre, diarrea ou vómitos deberán deixalo/a na casa ata a completa curación. De acceder ao servizo e detectar por parte das monitoras síntomas visibles de enfermidade, as familias deberán recoller ao menor unha vez avisadas polo persoal do servizo.
- 4- Os/as nenas deberán cumprir coa xornada e o horario solicitado de servizo. En caso de variación deberá ser comunicado por escrito ao centro de Servizos Sociais por rexistro de entrada no Concello
- 5- En caso de non asistencia ao servizo ou incumprimento de xornada/horario solicitado, deberá ser comunicada e xustificada atendendo ao indicado nos artigos 11 e 12 das bases do servizo.
- 6- Os alimentos para a merenda serán aportados polas familias, seguindo unha dieta saudable e equilibrada para os nenos/as.
- 7- En todo momento, primará o bo trato, o respecto e a comunicación axeitada entre as familias, os/as nenos/as, e os técnicos do servizo.

Dereitos dos usuarios:

- Acceder ó servizo sen discriminación por razón de nacionalidade, sexo, raza, relixión, ideoloxía ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- Bo trato, por parte do persoal do servizo e dos demais usuarios.
- A confidencialidade sobre os seus datos sanitarios, económicos e sociofamiliares.
- Proporcionarlle a atención socioeducativa precisa para o seu desenvolvemento integral.
- Favorecer a súa participación nas actividades do servizo.

Obrigas dos usuarios:

- Cumprir as normas establecidas para o bo funcionamento do servizo, indicadas no Anexo III destas bases.
- Manter unha actitude de respecto e consideración co persoal e cos demais usuarios.



- Cumprir coa puntualidade na asistencia ao servizo. A posible demora neste senso deberá ser excepcional, previo aviso e xustificada. E será considerada falta ao servizo no caso de ser reiterada.
- No caso de o/a neno/a estea enfermo/a, teña febre, diarrea ou vómitos deberán deixalo/a na casa ata a completa curación. De acceder ao servizo e detectar por parte das monitoras síntomas visibles de enfermidade, as familias deberán recoller ao menor unha vez avisadas polo persoal do servizo.

Faltas de asistencia ao servizo

1. Será considerada falta ao servizo a non asistencia ao mesmo ou non cumprir coa xornada establecida na solicitude.
2. Xustificación de faltas:
 - d) Considerarase causa xustificada aquelas faltas ao servizo que, aportando a documentación correspondente, fosen motivadas:
 - o Saúde: enfermidade ou asistencia a consultas ou tratamentos médicos/especialistas.
 - o Laborais: modificación de turnos de traballo/ formación dos pais, nais, titores ou representantes legais. No caso de xustificación por día libre semanal, só tería validez se establece un día concreto da semana entregado con anterioridade.
 - o Períodos vacacionais dos pais, nais, titores ou representantes legais.
 - o Cumprimento de medidas paterno filiais segundo acordo regulador ou resolución xudicial.
 - e) para a xustificación das faltas vinculadas con motivos laborais e períodos vacacionais deberán ser entregadas ao persoal do propio servizo con anterioridade á falta para ser valorada como xustificada. En caso de ser entregada con posterioridade será considerada falta sen xustificar.
 - f) No caso de medidas paterno filiais segundo acordo regulador ou resolución xudicial, éste deberá ser entregado con anterioridade por rexistro de entrada no Concello e dirixido á área de Servizos Sociais.
3. En todo caso, a porcentaxe de asistencia ao servizo non pode ser inferior ao 60% do horario demandado na presentación de solicitudes.



Causas de baixa.

A baixa no servizo de Conciliatardes producirase por algunha destas causas:

- a solicitude dos pais, nais, titores ou representantes legais de ser baixa no servizo
- incumprimento reiterado do establecido nas bases do servizo e das normas de funcionamento.
- non aboar a tarifa aplicable pola prestación do servizo por período de dous meses continuados.
- faltar ao servizo sen causa xustificada durante un día á semán ou 5 días ao mes e/ou o non cumprimento da xornada e horario establecido durante dous días nunha semana, coa excepción do sinalado no artigo 5 punto 3 en relación ao horario de saída a partir das 19:30 horas.
- En todo caso, poderá ser causa de baixa, tras a valoración da Comisión de Baremación, se o total de asistencia ao servizo, xustificada ou non, en relación á necesidade de conciliación solicitada, é inferior ao 60% en dous meses.
- A comisión de baremación poderá igualmente, valorar a baixa no servizo da unidade familiar que reiteradamente leve ao neno/a ao servizo enfermo ou ignorar reiteradamente os avisos para recoller ao menor por situación de enfermidade, febre, diarrea ou vómitos.